

A Corredoira V

CEIP N° 2 de Tui

Deporte escolar

Saídas e proxectos

Novas tecnoloxías


Animación á lectura

Interculturalidade e convivencia

A revista do curso 2007 - 2008



A Nosa Biblioteca



Ánxeles Ferrer tamén nos debuxou unha mascota para a biblioteca, o seu animal favorito, un grilo lector.

Pero a nosa mascota tiña que ter un nome, para iso propuxemos nomes e despois de votar saíu o nome ganador "LVA"



SUMARIO

- 2. A Nosa Biblioteca.
- 3. Sumario e o Noso Colexio Premiado.
- 4 e 5. Animación a Lectura.
- 6 e 7. Magosto.
- 8 e 9. Nadal.
- 10. Día da Paz.
- 11. Semana Mundial da Educación.
- 12,13,14,15. Entroido.
- 16 e 17. Convivencia.
- 18 e 19. Orla.
- 20 e 21. Maíos.
- 22. O tenis.
- 23. Bichos.



- 24. Falan as mans.
- 25. Aprendemos e xogamos cos avós.
- 26 e 27. A vendima.
- 28 e 29. A árbore.
- 30 e 31. Muíños do río Tripes.
- 32 e 33. Deporte Escolar.
- 34 e 35. Saídas.
- 36 e 37. Anpa As Olivas.
- 38 e 39. Informacións Varias.
- 40. Despedida.

O NOSO COLEXIO PREMIADO

ASIDENT
CLÍNICAS DENTALES

VIGO
Venezuela, 42 Travesía de Vigo, 33
Telf.: 986 48 22 64 Telf.: 986 27 95 92

Este ano o noso colexio resultou premiado nos PREMIOS PLAN VALORA, que convocou a Xunta de Galicia. Trátase de premiar os proxectos de Innovación educativa e no noso caso foi no tema de interculturalidade.



O noso centro leva varios anos traballando neste tema, encamiñado á integración. Aquí estamos un grupo de profes que acudimos a un curso a Santiago despois de recibir o premio.





Nas tres clases de terceiro celebrouse o día do libro cunha lectura continuada do libro "Don Quijote de la Mancha."





CORRESPONDENCIA ESCOLAR
Os nenos e nenas de terceiro reciben da carteira unha carta dos seus amigos-as do Colexio de Redondela.



A mochila viaxeira permítelle ós nenos e nenas de 6º levar a casa libros para toda a familia, poden tela na casa ata catro días e vai rotando entre o alumnado.



O primeiro ciclo escoitando un contacontos no salón de actos.
Os de primeiro nunha actividade de animación na Area Panorámica.



Os nenos e nenas do terceiro ciclo fixeron diversas actividades de animación, de donde saíron producións moi creativas e variadas.



O Magosto



Fogueiras no patio,
castañas asadas.
Celebramos o magosto
con festa rachada



Xa sopra o vento
¡chegou o momento!
cun amplo sorriso
regaña o ourizo





E festa faremos grandes e pequenos
Arredor do lume
Estouros e fume




Co Negro tizón
ivaia diversión!
Tiznareiche a cara
idespois a lavalá!



Nadal 2007-08



O nacemento



Con rolos de papel, moita imaxinación e a axuda dos nosos pais, fixemos un fermoso Nacemento.

Non faltaron as palmeiras, nin os camelos e por suposto tamén estaba o castelo.

3ºCiclo

Concurso de postais



Postais gañadoras



1º Ciclo



2ºciclo

no concurso de Nadal

Infantil



Adornamos o colexio

As velas coas que adornamos os corredores non poideron quedar mellor

Actividades de Nadal

As obras de teatro, panxoliñas e historias dos nosos antepasados, fixéronnos pasar unhas horas moi divertidas.

Papanoel

Chegou cargado de caramelos

Andivo polas clases

Ata o ano que ven!!!!

Día da Paz

O día da Paz fomos todo o colexio ao Área Panorámica



Migallas


Co grupo Migallas pasámolo de lo lindo



E o Anpa fixo entrega dun agasallo os premiados no concurso do comedor.



Semana de Acción Mundial



Durante esta semana millóns de persoas en todo o mundo mobilizáronse para lograr que o acceso a unha educación de calidade para todos e todas sexa unha realidade e o medio para que ningunha persoa quede excluída.

P
o
i
a
e
d
u
c
a
c
i
o
n
n
ó
i
n
c
a
c
i
o
n

os nenos e nenas



de segundo



representaron ao noso colexio



En España ,formouse un crebracabezas con todas as pezas necesarias para conseguir este obxectivo.





ENTROIDO 2008



AS ORDES DA MECA



CUCHIPANDA



Que mesas tan ben postas

Que ricas estaban as filloas, flores, rosquillas, pasteis... que as nais e pais mandaronos este entroido.





Desfile polas rúas



Xa que este ano vanse celebrar os Xogos Olímpicos, no noso colexio decidimos este entroido disfrazarnos de atletas.



Ciclistas



Os nenos e nenas de primeiro foron uns ciclistas moi coloristas que encheron as ruas de cores, aínda que lles faltaban as bicicletas.



Karatecas

Arqueiros

Moi formais iban os karatecas de segundo curso.



Os de terceiro e cuarto, foron de Arqueiros e gimnastas rítmicas.



Gimnastas rítmicas





aros olímpicos



nadadores-as



Os nadadores e nadadoras de quinto, pasearon polas rúas cos seus modelitos de bañadores e gorros.



futbolistas



Futbolistas e tenistas completaron o desfile.



escola de natación




escola de tenis





festa en Anubis



o ritmo

non pare



ata o ano que ven





v xornada convivencia escolar

CEIP Nº1 - CEIP Nº2



Nos equipos misturáronse nenos e nenas dos dous colexios e de distintas clases.

Como non nos axudou o tempo, tiveron que desenvolverse os diferentes xogos no Pavillon.



O Nº1 e o Nº2 foron un só colexio toda a mañá.

caixanova

marzo




A xornada deu para moito,
xogamos, vemos un video,
merendamos... e o pasamos
moi ben.

2008



C.E.I.P. Nº 2 de Tui



Xulián Telmo Tamara Patricia Pablo Nuria Nerea Naira Micaela Marcos Marcos Jose A.

Jorge Yenifer Daniel Cloe Bryon Ana Assia Alexandre Alba Yasmin Jonathan Marroune Matheus

Miguel Nerea Ilham Fátima Ervin Erika Eloy Diego Daniela Daniel Carolina Andrea Alexandra

Alex Sara Paula Lucía Lois Kevin Jon Ander Jhoan Jair David Daniel Brian Barja Beijang

Ayoud Anxo Antía Andrea Ana Andrea Ana Alexandra Alexandra Sarai Amine Nicolás Javier

Promoción 1999-2008

LETRAS GALEGAS 2008

* NO REGO DO PRADO
CANTA A COTOVIA
PAXARINO AMADO
QUE GHE BEN QUERIA *

SE TI MESMO,
SE POSITIVO

ATA CARIBO!

Brian José Molina Calle 6º C

III CERTAME DE POESÍA

PARTICIPAMOS
NO CORRELINGUA

* AO VER QUE NON TIÑAS NOME
MAXINAMOS QUE SERIAS
VENTUREIRINA DO MONTE

FLORECIÑA VENTUREIRA
QUE-AO MILLOR-NASCEU CO ORBALLO
NUNHA LUZADA DE ESTRELAS *

III CERTAME DE POESÍA - CEIP Nº 2 TUI
MAIO CULTURAL 2008

3 ANOS A

GUIÁTE CO
GALE GO!

Fabrice Hermida Gómez 4º A

PRIMEIRO CONCURSO
DE LEMA NA LINGUA GALEGA

ACTO CULTURAL
NO CONCELLO DE TUI

1º ANO PITANO
VAI NO PARANO
A CABUXA LUXA
MARCHOU ONDA A BRUXA *

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

XOSE MARÍA




NO ENTROIDO, OS NENOS E NENAS DE INFANTIL DISFRAZÁMONOS DE TENISTAS




QUIXEMOS SABER MÁIS. COMEZAMOS POR ACUDIR A UN TORNEO, E MESMO, ANIMÁMONOS A XOGAR.


BUSCAMOS INFORMACIÓN



E FIXEMOS ALGÚNS TRABALLIÑOS... PARA LEVALOS A CASA ELIXIMOS UNHA BOLSA DE DEPORTE!



"BICHOS"



UNHA MAÑÁ DE OUTONO
XOGANDO NO PATIO
DA NOSA ESCOLA
ATOPAMOS UN TESOURO

DEBAIXO DA TERRA
HABÍA UN MUNDO MARAVILLOSO:
UN MONTÓN DE BICHIÑOS
PEQUENOS, PEQUENIÑOS

MARIQUITAS, CARACOIS
ARAÑAS E FORMIGAS
AGACHÁBANSE ENTRE AS FOLLAS
DE CORES DO OUTONO

XA SABIAMOS
MOITAS COUSAS
SOBRE ELES:
TIÑAN DISTINTAS FORMAS
ERAN MOI PEQUENOS
TIÑAN DISTINTAS CORES
ALGÚNS VIVÍAN DEBAIXO DA TERRA
OUTROS TIÑAN ÁS

PERO A NOSA CURIOSIDADE
LEVOUNOS A CONVERTIRNOS
EN CIENTÍFICOS INVESTIGADORES
PARA APRENDER MAIS E MAIS

SAÍMOS DE NOVO Ó PATIO
CON LUPAS DE OBSERVACIÓN
E CON MOITA ATENCIÓN
RECOLLIMOS MÁIS INFORMACIÓN

COA AXUDA DAS NOSAS FAMILIAS
E DAS NOSAS MESTRAS
CONSEGUIMOS MATERIAL
PARA SEGUIR PROFUNDIZANDO
NA NOSA INVESTIGACIÓN

E ASÍ FIXEMOS UN GRAN LIBRO
NO QUE VAN DEBUXADAS
ALGUNHAS PINCELADAS
DA NOSA APRENDIZAXE





FALAN S MAN S


MIRAS LA PALMA ABIERTA DE TUS MANOS
 ¿QUÉ TE DICEN? ¿REALMENTE SON TUYAS?
 ¿NO TE INTERROGAN AL INTERROGARLAS?
 ¿NO TE MIRAN, EXTRAÑAS, SI LAS MIRAS?
 MUEVES, MUEVEN, UN POCO TUS, SUS DEDOS
 HACIÉNDOTE NO SABES QUÉ SEÑALES,
 COMO SI PRETENDIERAN DESVELAR
 SOBRE TI MISMO ALGÚN OSCURO ENIGMA.
 HAY EN SUS HUELLAS MÁS SIGNOS ESCRITOS
 QUE EN LOS LIBROS DEL MUNDO. TE DAN
 VÉRTIGO
 SUS TRAZOS SUPERPUESTOS, ESE AFÁN
 POR DAR PERFIL A COSAS IMPRECISAS.
 QUÉ TORMENTAS CALLADAS, QUÉ
 RELÁMPAGOS
 QUIETOS, QUÉ SECA LLUVIA, QUÉ RAÍCES
 SIN FLOR, QUÉ BLANDAS PIEDRAS, QUÉ MIRAR
 SIN HONDOS OJOS, QUÉ SIMAS SIN SIMAS.
 ¿DÓNDE TE LLEVAN? ¿HACIA QUÉ LEJANO
 TIEMPO DE QUÉ PRINCIPIO VA TU MENTE?
 ¿A QUIÉN HERISTE, ASESINASTE, AMASTE
 EN QUÉ OTRA PIEL? ¿DE QUIÉN SOIS, MANOS
 MÍAS?

Aprendemos e xogamos cos Avós

Como levamos feito nos últimos anos, algúns cursos do noso centro imos facerlle unha visita a Residencia de maiores "Paz y Bien" da nosa cidade.



Alí os nenos e nenas falamos con estes avós, nós contámolles cousas e eles, cóntannos moitísimas aventuras.



Pero ademáis de falar tamén facemos actividades como recortar, ler, etc.



A eles gústalles moito ensinarnos xogos de cando eran nenos.





Os de primeiro na vendima



Debaixo da viña, cortamos os ácios cas texouras e escollemos as uvas para metelas nos capachos.





Carretamos os capachos ata a porta da adega, logo esmagamos as uvas cas máns para facer zume. Tamén comemos uvas, blancas e tintas. ¡estaban moi ricas!





Cando as uvas estiveron ben esmagadas as levamos para o barril. Era tan grande que Bea tivo que axudarnos a botalas dentro.

Traballos sobre a vendimia



A

Os de 3º aprendemos
Cousas das árvores

Arbore



Cantas cousas sabemos
das árvores!.....



....Pero aínda
queremos saber máis



Para iso buscamos
información:



1º No Monte Aloia



2º en Internet



3º na Biblioteca



4º no Patio do colexio



5º na Aula de Interpretación da Natureza do Monte Aloia



E por último prantando unha árbore no patio do colexio



do río Tripes



Botábase o millo na "ADELLA", que está suxeita ao teito polo "COLGADOIRO". Caía polo "ADELLÓN" e o "TARABELO" ía marcando o ritmo da "MOA" contra o "PÉ" (de aí vén a música da muiñeira).

A "CIGORELLA" axuda a mover "A MOA", que tiña que estar picadiña de tal maneira que o gran non se esconda entre os buratiños da pedra; de aí que ao Xirar gastábase e había que picala de cando en vez.

A "MOA" tiña que ser de pedra de distinta calidade que a do pé. Collíana os canteiros polo monte e podía ser cónica ou plana.

O rodamento da "MOA" contra o "PÉ" tiña que ser regulado, igual cá caída do millo dende a ADELLA, xa que se ía demasiado rápido a moa gastábase moito.

Para empezar a moer ou para parar o muiño utilízase o "PEXADOIRO", que é un pao de piñeiro que está dentro do muiño. Desta maneira púñano en funcionamento sen ter que saír do interior e tamén paraba o muiño cando se lle acababa o gran.



"O REDUCIO" é unha roda con aspas que está no "INFERNO DO MUIÑO". Vai pousado en dous eixos (ENRÁN e AGULLA) que hai que escoller moi ben porque é onde xira cando se pon en funcionamento o muiño; gástanse a miúdo e hai que repoñelas.

O reducio leva un pau que lle serve de eixe, "O TOUZO". Na parte superior únese ó "LOBETE". No seu interior pasa "O VEO", peza de ferro que encaixa na "CIGORELLA", que vai encaixada na moa.

Collían tres tipos de fariña:

Picón; fariña pouco picada para os animais

Fariña normal.

Óleo; fariña moi picadiña que utilizan para facerlle "papas" aos nenos pequenos e a xente enferma.



A fariña que moían caía para o "TREMÍNADO" (chan ao lado da moa e do pé). Sempre estaba moi barridiño cunha basoira feita de xestas que abundan nos arredores. Procuraban non pisar a fariña, para o que solían ter unhas zapatillas no muiño, aínda que había muiños nos que a fariña ía caendo para unha caixa.

Sempre tiñan que ter todo recollido e barrido para que os ratos non lle comeran o gran ou a fariña.

Sempre barrían a fariña cara a ventá para así poder mirala mellor ao recollela.

Na moa non podía quedar millo porque a seguinte muiñada non sería boa, por eso

metían a escoba no "OLLAL" para que quedara todo ben limpo.

Ó estar moendo continuamente os muiños, levantábase un po de cor branco que quedaba apegado nas arañeiras e nas paredes do muiño; ese po coñecíase co nome de "FROULA".

Como eran moi supersticiosos, sempre tiñan unha ferradura pendurada nalgún lugar do muiño; así dáballes sorte na muiñada.

Cada muiño tiña un nome que podía ser o dos donos ou o do lugar onde se atopaba.

Coa fariña moída, metida no saco cargado ao lombo, no burro ou no carro, ían para a súa casa e facían o pan, as papas ou utilizábana para darlle de comer aos animais. Os nosos bisavós moían nos muiños do río TRIPES xa dende fai casi tres séculos. Estes muiños foron abandonándose pola escaseza de cultivos de millo, trigo, centeo e porque a forma de vida da xente foi cambiando e foron substituídos por muiños eléctricos. Unha curiosidade é que a fariña picada nos muiños tradicionais consérvase moi ben ao metela no saco cando se acaba de moer. A fariña moída no muiño eléctrico hai que deixala un tempo sen metela no saco, se non fermenta.

Eso levou a que a maioría deles fosen caendo e os atopemos en ruínas ao longo do río.

Aquí temo-la sorte de que hai xente preocupada polos nosos muiños e os están recuperando e facendo que outra vez volvan a funcionar. Así nós podemos coñece-lo seu funcionamento e a súa importancia na nosa Historia.



Agradecemoslle a Alberto Romero (Romer) as súas explicacións. Sen elas non poderíamos facer este traballo, tanto oralmente (ensinándonos e demostrándonos como funcionan os muiños) como no seu libro "Dende o Monte Aloia".

Alumnos/as 6ºA

Curso 07/08



Muíños



Un muíño é unha construción feita de pedras pequenas, teito de madeira e o tellado de tella do país. Podían estar sós ou en grupos (así aproveitaban mellor a auga, pois coa auga dun muíño podían moer 4 ou 5 muíños). Utilizábanse para moer distintos tipos de gran (millo, centeo, trigo...).

Funcionan con auga, por eso se facían ao carón dos ríos. Os muíños do Tripes datan do ano 1770 aproximadamente e forman parte da nosa cultura.



Entorno aos muíños hai distintas lendas e cantigas, xa que ademais de lugares de traballo, eran lugares de xuntanza e convivencia entre as persoas que ían a moer.

Os muíños que tiñan varios propietarios eran muíños de "HERDEIROS". Os que ían a eles turnábanse para moer e moían tanto de día como de noite.

Tamén había muíños de "MAQUÍA", aos que acudían a moer as persoas que non tiñan muíño en propiedade. A cambio, dábanlle ao muíneiro unha parte da moenda.

Nos muíños de maquía tiña a vivenda o muíneiro, xeralmente no piso darrriba.



Unha noite no muíño
Unha noite non é nada
Unha semana enteira
Eso si é muíñada.



TuiGrill
comidas para llevar
RENOVA SU COCINA



Para acceder aos muíños vaise por un camiño empedrado. Utilizaban burros ou carros para levar o gran. Ao estar as rodas dos carros cubertas de ferro, ían deixando unhas pegadas nas pedras e así podemos ver as "RODEIRAS" polo camiño.

Ao principio atopamos muíños nos campos de cultivo; mais adiante, podemos mirar os cultivos en socialcos.

Continuamos subindo ata atopar os muíños.

Atravesamos un camiño, onde atopamos a típica vexetación de ribeira e propia de lugares húmidos: amieiros, salgueiros, bideiras, carballos, sanguinos, loureiros, fento real, aguileña, freixos, carqueixas, botón de ouro, coucelos...

Animais: Ferreiroño común, Esquio, Peto real, Miñato, Rá patilonga, Píntega rabilonga, Raposo, Vacaloura, Chasco común, Coello, Lagarto arnal, Zapateiros... e no río a vermelliña que é un peixiño que hai neste río.



O FUNCIONAMENTO DO MUIÑO



Ao chegaren ao muíño, apoiaban o saco do gran nunha pedra que sobresaía no exterior: "O POUSADOIRO". Abrían a porta do muíño e tamén a ventá (que colocaban estratéxicamente enriba do inferno para que ninguén puidera roubalos). Logo acendían os candís.



Tiñan que abrir a auga, que ía por un canal en forma de cubo. Ese canal tiñan que limpialo para que pasara ben a auga. A auga sobrante ía por outro rego, chamado "ALIVIADORIO", cara ao río.

O millo que utilizaban podía ser de distintas clases, pero tiña que estar ben seco para que non se apegara na "MOA".



Deporte



Como outros anos participamos no "Deporte na Escola". Ao longo da mañá xogamos a clase enteira nun montón de deportes. Fixemos Voley, Bádminton, Fútbol, Balonmán, Baloncesto e ata tivemos unha Proba cultural. Tamén fixemos Natación, Ciclismo e Atletismo.



MensaTui
logística



Como novidade este ano participamos na competición de "Duatlon" que combina carreira a pé e carreira en bicicleta. Fixémolo tan ben que no provincial quedamos "CAMPIONS"



Participamos no Campionato Galego de Atletismo en pista que se celebrou en Silleda. En categoría masculina fomos 2º e en categoría feminina 5º. Quedamos a un paso de participar no campionato de España. Esperamos ter máis sorte o próximo ano.



Escolar



En cross participamos de todas as idades dende os de infantil ata os papás e mamás, non houbo carreira que se nos resistise, Castrelos, Oia, Cross zonal, provincial... En todos eles alí estaba o noso manager Lolo dando as últimas instrucións.



Nos deportes de equipo participamos en fútbol-sala, balonmán, bádminton e baloncesto. Estivemos de animadores no Campionato de España Junior que se celebrou en Tui.

Tamén probamos deportes diferentes, nunha Xornada de Deportes Alternativos: Balon-pau, Kimball, Beisbol, Rugby, Hockey e Xogos con Paracaídas.



Recuperando os xogos dos nosos pais os de 5ºC participamos en Salvaterra nunha Xornada de Xogos Populares, que despois traballamos no colexio cos demais.

Saídas



Coñecemos Tui da man de Sara.
Os alumnos/as de primaria visitamos a zona antiga e coñecemos cousas que non sabíamos da nosa historia.



Os de infantil viaxamos:
" O tren pequeniño corre corre, corre, corre.
O tren pequeniño vai pasiño a pasiño".



Os de 2º saímos a Vigo para poder visitar a Policía municipal. Alí vimos os coches, as motos, os paneis de control do tráfico...

Tamén aproveitamos a visita para ver o Monte do Castro. Dende arriba pódese ver moi ben a cidade de Vigo.



Os do 3º Ciclo gústannos saber cousas da Naturaza.
Os de 5º saímos a ver unha exposición sobre a Auga que houbo en Tomiño.



Os de 6º cando viaxamos A Coruña visitamos A Casa dos Peixes, a Casa das Ciencias e a Casa do Home.



Os de 5º viaxamos a Santiago coñecemos o Parlamento de Galicia e o museo do pobo galego.



ANPA AS OLIVAS



Comicalla
a Mascota do
Comedor

Ao longo de este ano que esta a piques de rematar, notaríades algúns cambios.

Os vosos fillos, os pequeniños, que fai uns meses ían as súas primeiras clases con medo, e as veces con algúns choros, agora atópanse felices de vir ao " Colexio" e os maiores sempre animados para levar a cabo as súas tarefas e asistir fielmente co fin de atoparse cos seus amigos/as. Todos notamos cambios. Dende esta ANPA tamén. Recordade que, dende fai moito tempo, vimos demandando das autoridades unha seire de medidas para mellorar o estado centro. Unha delas, senón, a máis importante, é a seguridade vial á entrada do colexio.

Despois de cartas, reunións fallidas, a ANPA, en xaneiro de este ano comprometeuse a levar a cabo unha concentración na entrada do colexio con corte de tráfico, tal como moitos de vos poidestes comprobar e participar.

Non sabemos, si pola situación política, si pola situación social, o certo é que como resultado desta medida acadamos, ter unha reunión con todas as partes implicadas na Delegación da Consellería de Educación, poidendo destacar, ao remate da mesma, o compromiso da Delegación e do Concello de poñerse a traballar para atopar unha solución o problema da Seguridade Vial no centro.

O certo é que xa viñeron responsables das diferentes administracións para estudar o problema e poder solucionar-lo ou cando menos minimizalo.

E por iso, que dende este ANPA quixéxamos agradecer a todos/as, os que participastes e ós que non, a toda a comunidade escolar, o voso apoio para que as cousas segan cambiando en beneficio dos nosos fillos/as e animarvos a que vindeiro curso poidamos seguir nesta liña de cambios.



Dende a ANPA, o longo do curso foron moitas as propostas de actividades que se levaron a cabo.. Aquí estamos o grupo de alumnos que fomos de Excursión a Manzaneda.



Unha proposta innovadora foi a Escola de Pais-Nais, que tivo moito éxito e coa que pensamos continuar o vindeiro curso.





Unha aposta importante do ANPA son:
O Aula Matinal e o Comedor



Algunhas das actividades
Extraescolares: Yudo.



Batuka



Teatro



Pintura

Barro



Haley hiper





Informacións



Como contactar co noso colexio .-

Se queres contactar con noso colexio pódelo facer de varias maneiras.

Por correo.- Avenida da Concordia s/n 36700 Tui

Por teléfono ou fax.- 986 60 09 23



Por email .- ceip.numero2.tui@edu.xunta.es

Na páxina web .- <http://centros.edu.xunta.es/ceipnumero2tui>



Horarios de clases.- horario de xornada única de

mañá de 9:15 a 14:15 horas repartidas sa seguinte maneira:



1ª Hora .-de 9:15 a 10:10 horas

2ª Hora.- de 10:10 a 11:05 horas

3º Hora.- de 11:05 a 12:00 horas

Tempo de lecer de 12:00 a 12.25 horas

4ª Hora.- de 12:25 a 13:20 horas

5ª Hora de 13:20 a 14:15 horas



Horario de Secretaría.- todos os días de 9:15 a 14:15 horas



Departamento de Orientación.Dn Oscar Alonso Costas.

Orientación e asesoramento educativo. Horario de atención a pais e nais: os martes de 16:00h a 17:00h. Previa citación.



Horario de atención aos pais/nais: os martes de

16:00 a 17:00 horas previa petición de cita a cada titor/a ou profesor/a .



Horario da biblioteca escolar.- todos os días en horario

de tarde de 16:00 a 18:00 horas para consultar ou traballar. O horario de préstamos está establecido no horario de pola mañá para cada aula.



Horario de actividades extraescolares.- todos os días

de 16:00 a 18:00 horas seguindo un calendario establecido ao comezo do curso no que cada familia anota os fillos/as na actividade e horario que lle conveña.



Horario de comedor.- todos os días de 14:15 a 16:00 horas.

Para anotarse ao comedor terán que notificalo o día anterior ás encargadas.



Horario da aula matinal.- todos os días de 8:00 ata as 9:15h



varias



● **Transporte escolar.** - Para todos e todas aqueles que viven un pouco lonxe, fora do casco urbán, poden acollerse ao servizo de transporte escolar de maneira gratuita. En cada autobús haberá un acompañante que axudará aos rapaces ata chegar ao recinto escolar. A empresa que ten a concesión é a de MONBUS.

A hora de recollida polas paradas é en torno ás 8,45 para estar no Centro antes das 9,15 horas; e a de volta a casa será a partires das 14,15 unha vez rematado o horario lectivo.

RUTA



PARADA



AREAS

Regueiro - Anta de Arriba - Anta de Abaixo
- Gaios - San Martiño

BORNETAS Rotonda - Escola - Rafi - Parador

REBORDÁNS Virxe do Camiño - Magnolia

PEXEGUEIRO Igrexa - A Pereira - Fontesecca - Regueira -

Souto - Saines - Salgueiriño - Cruce Sobrada - Viveiro



● **Comezo de Curso 08-09.** - As clases comezarán o 11 de Setembro de 2008 ás 9:15h.




● **Proposta de Actividades para o verán:-**

Infantil



3 Anos



4 Anos



5 Anos

Actividades deportivas

Actividades deportivas

do Concello contactar co

Tlfno: 986603625 (do

26 de Xuño o 26 de Xullo).

Actividades da Casa da Xuventude.

Tlfno: 986600568



1º Ciclo


Primeiro



Segundo

2º Ciclo

Terceiro



Cuarto



Quinto




3º Ciclo



Sexto

menudas vacacións



Este foi o último curso para dous compañeiros do noso Centro, Amparo e Benito, que aínda que se ven moi novos, decidiron que xa era o momento de deixar as aulas.



Seguro que o curso que ven, non me salvo de asar as castañas.

